



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

ACTA NÚMERO 2

**PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA CUBRIR AS PRAZAS DE PEÓNS/PEOAS DA
BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE A CAMPAÑA
DO ANO 2025**

Ás 11,30 h do martes, 29 de xullo de 2025, reúnense as seguintes persoas integrantes do tribunal de selección de persoal para a contratación ou nomeamento das persoas traballadoras (neste caso 3 peóns/peoas de brigada) que formarán parte da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais no exercicio 2025 e que acudiron á proba práctica eliminatoria, realizada a partir das 13:00 h. do xoves, 24 de xullo de 2025 no entorno do local de Protección Civil, en Mabegondo (Abegondo):

Presidente.

Titular: Alberto Manteiga Díaz

Vogal 1.

Titular: José Lema Moledo

Vogal 2:

Titular: M^a Jesús González Ulloa

Secretario

Titular: José Antonio Varela Doval

Conforme as bases de selección aprobadas por medio do decreto da alcaldía número 449/2025 do 11/07/2025 (expte TEDEC: 2025/E002/000003 – 2025/G003/000475), realizouse a proba práctica eliminatoria, co fin de poder valorar o coñecemento e a destreza necesarias para o manexo da ferramenta, maquinaria ou medios que se utilizarán no posto de traballo a desenvolver, e para a que estaban convocadas aquelas persoas candidatas admitidas no proceso selectivo para as 3 prazas de peóns/peoas de brigada convocadas.

O **resultado da proba práctica** realizada é o que se reflicte na táboa que se insire a continuación:

Nº rexistro	Nome	Resultado /puntuación
R.E 202500000002152	Rodríguez-Losada Suárez-Pumariega, Eduardo	2,50
R.E 202500000002180	Lamas Bermúdez, Ramiro Luis	3,50

De acordo co previsto nas bases de selección e dado que esta proba ten carácter eliminatorio, o tribunal considera que soamente a superaron aquelas persoas candidatas que obtiveron unha puntuación igual ou superior a 2,50 puntos, a metade da puntuación máxima de 5,00 puntos.

A continuación o tribunal, en consonancia coas bases aprobadas, valora os **méritos presentados** polas persoas aspirantes que superaron a proba práctica eliminatoria, co seguinte resultado:

Nº rexistro	Nome	Experiencia	Formación	Total Méritos
R.E 202500000002152	Rodríguez-Losada Suárez-Pumariega, Eduardo	--	0,15	0,15
R.E 202500000002180	Lamas Bermúdez, Ramiro Luis	3,00	--	3,00



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

O resultado final para cubrir as prazas de persoal laboral temporal de peóns/peoas (3) da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais no exercicio 2025, do Concello de Abegondo é o seguinte:

Nº rexistro	Nome	Proba práctica	Méritos	Total
R.E 20250000002152	Rodríguez-Losada Suárez-Pumariega, Eduardo	2,50	0,15	2,65
R.E 20250000002180	Lamas Bermúdez, Ramiro Luis	3,50	3,00	6,50

Este tribunal, á vista dos resultados obtidos propón a contratación ou nomeamento para 2 das 3 prazas de peóns/peoas da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Abegondo convocadas para a campaña do ano 2025 a: **Eduardo Rodríguez- Losada Suárez Pumariega e a Ramiro Luis Lamas Bermúdez.**

O tribunal dispón que se publique o resultado final da baremación dos méritos presentados polas persoas aspirantes admitidas para as prazas convocadas e o resultado da proba práctica, así como a puntuación total, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo ([https:// sede.abegondo.gal](https://sede.abegondo.gal)).

As persoas interesadas poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ata as 14:30 h do mércores, 30 de xullo de 2025. Estas serán resoltas polo tribunal. No suposto de non se produzan reclamacións contra esta proposta, esta elevaríase a definitiva, dando por rematadas as probas de selección.

Tal e como dispón o apartado 12. das bases de selección do persoal laboral temporal para cubrir os postos de traballo da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais durante a campaña do ano 2025 **“As persoas candidatas propostas para cada unha das prazas convocadas deberán superar os recoñecementos médicos e as probas de esforzo obrigatorias. O resultado dos mesmos deberá reflectir a condición de apta de cada unha das persoas candidatas propostas, como condición indispensable para a súa contratación ou nomeamento.”**

Ao mesmo tempo e de acordo coas devanditas bases, *“para o caso de baixa ou renuncia da persoa proposta ou xa contratada ou nomeada como funcionario/a interino/a, o Concello poderá substituíla/s pola seguinte persoa candidata da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección (...)”*.

E sendo as 12,15 h. dáse por finalizada a sesión e, en proba de todo, estendo a presente acta e como secretario dou fe.

Abegondo, 29 de xullo de 2025.